

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

DO DÍA 27 DE SETEMBRO DE 2007

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e sete de setembro de dous mil sete, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese a Corporación municipal en Pleno, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os señores concelleiros don Francisco Javier Varela Tejedor, don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona María Beatriz Ramos Padín, do PS de G-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, do EU-IU.

Non asiste, e presenta escusa, don Manuel Marante Gómez, do PG.

Asiste dona Isabel M^a Fuentes Torices, interventora accidental, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia como secretaria da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, e antes de entrar a tratar os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria, o voceiro do BNG, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, expón a súa queixa respecto dunha moción que presentou o seu grupo ao pleno ordinario do 30 de agosto e que non foi tratada alegando que non se presentou dentro do prazo, pero o Sr. alcalde dixo que se trataría neste pleno, así o pediu na Xunta de Voceiros e mediante escrito presentado o 15 de setembro actual, e non se incluíu na orde do día do pleno. Tampouco recibiron resposta en relación cunha pregunta presentada en xullo pedindo información

respecto de se hai algún expediente de disciplina urbanística incoado a algún membro da Corporación.

Don Francisco Javier Varela Tejedor responde que cre que xa se contestou. Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que non recibiu nada e don Francisco Javier Varela Tejedor comprométese a comprobalo.

O Sr. alcalde contesta que non se incluíu a moción, relativa ao acordo adoptado o 13 de xullo respecto da creación dos órganos colexiados, a súa composición e réxime de sesións porque o informe fora emitido pola secretaria da corporación, que se incorporou das vacacións este luns 24, e o lóxico é que sexa a secretaria a que emita novo informe ao respecto.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que, non obstante, solicitará que sexa debatida no punto de mocións.

1º.- Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria de data 30 de agosto de 2007.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, solicita se modifique o parágrafo cuarto da páxina 40, quedando redactado como se transcribe a continuación: “O Sr. Cubeiro Martínez, do PP, manifesta que lle parece inmoral que se poñan limitacións en canto aos vertidos das empresas de Cambre, cando o Concello de Sada os está enviando sen separar.”

Igualmente, solicita se modifique o parágrafo sexto, quedando redactado como se transcribe a continuación: “O Sr. Cubeiro Martínez manifesta que este momento é a oportunidade de que o Concello de Sada deixe unha segunda rede de pluviais, agora que están en obras, e que quede claro que se está a tratar dun problema serio.”

Don Luis Miguel Taibo Casás, concelleiro de EU-IU, solicita se faga constar unha aclaración ao segundo rogo formulado polo seu grupo respecto da colocación de taboleiros de anuncios nas parroquias, páxina 37 da acta. Non se refiren a taboleiros luminosos senón que se refiren a uns taboleiros de anuncios pequenos que hai xa nalgunhas

parroquias.

Todos os concelleiros presentes manifestan a súa conformidade coas modificacións propostas.

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou aprobar o borrador correspondente á sesión ordinaria de data 30 de agosto de 2007 coas modificacións propostas.

2º.- Ratificación, se procede, da Resolución de Alcaldía do día 19 de setembro de 2007, respecto do establecemento das festas locais para o ano 2008.

Dada conta da Resolución de Alcaldía n.º 1.474 de 19 de setembro deste ano, que se transcribe literalmente a continuación:

“Visto o escrito da Delegación provincial da Consellería de Traballo rexistrado de entrada o día 3 de setembro de 2007 co número 9.807, no que solicita a designación das festas locais para o ano 2008.

Visto que se debe remitir a proposta municipal con anterioridade ao día 20 de setembro de 2007.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, resolvo:

Primeiro: Fixar como festas locais para o ano 2008 o martes de entroido e o luns 18 de agosto.

Segundo: Comuníquese ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar, para os efectos da súa ratificación e remítase a correspondente certificación á Delegación provincial.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 25 de setembro de 2007.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PS de G-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG e os dous concelleiros de EU-IU.

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Ratificar a Resolución de Alcaldía n.º 1.474 de 19 de setembro de 2007, respecto do establecemento das festas locais para o ano 2008.

3º.- Aprobación, se procede, da proposta de Alcaldía respecto da modificación dos artigos 108.5 e 115.1 apartados c), f) e g) do Regulamento orgánico municipal.

Dada conta da proposta de Alcaldía de data 14 de setembro actual, cuxa parte dispositiva se transcribe literalmente a continuación:

“Primeiro: Aprobar, con carácter inicial, a modificación do artigo 108.5, así como dos apartados c, f) e g) do artigo 115.1 do ROM, nos parágrafos que a seguir se relacionan, manténdose nos seus termos o resto do texto dos anteditos artigos.

Os parágrafos modificados quedarían redactados do seguinte xeito:

Artigo 108.5, parágrafo terceiro: “*A Presidencia poderá limitar ata un máximo de unha as mocións que presente un grupo municipal nun mesmo pleno ordinario.*”

Artigo 115.1.c), parágrafo quinto . “*Como xa se fixo constar no artigo 108.5 do presente Regulamento, a Presidencia poderá limitar ata un máximo de unha as mocións que presente un grupo municipal nun mesmo pleno ordinario*

Artigo 115.1f) parágrafo cuarto: “*A presidencia poderá limitar ata un máximo de tres os rogos que presente un grupo municipal nun mesmo pleno ordinario, tendo en conta que cada rogo formulado só poderá instar unha única proposta de actuación, non podendo acumularse nun mesmo rogo varias peticións. O así formulado entenderase como non presentado.*”

Artigo 115.1g) parágrafo cuarto: “A presidencia poderá limitar ata un máximo de tres as preguntas que presente un grupo municipal nun mesmo pleno ordinario, tendo en conta que cada pregunta só poderá conter unha única cuestión, non podendo acumularse nunha mesma pregunta varias cuestións. A así formulada entenderase como non presentada.”

Segundo: Abrir un prazo de trinta días para información pública e audiencia aos interesados, co fin de que poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presenten, entenderase definitivamente aprobada a modificación do ROM e publicarase o texto modificado no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local.”

Visto que despois de amplo debate na Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 25 de setembro actual, e á vista de que segundo o informe emitido pola secretaria accidental, a normativa aplicable ao pleno é tamén aplicable ás comisións informativas segundo se establece no artigo 135 do Regulamento orgánico municipal, o que daría lugar a que se reduxeran tamén de seis a tres os rogos e preguntas a presentar nas sesións ordinarias das comisións informativas, o Sr. alcalde, por considerar que coa redacción da proposta o que se pretendía era reducir o número de mocións, rogos e preguntas a presentar nos plenos ordinarios, e non reducir os rogos e preguntas a presentar ante as comisións informativas, modifica a proposta que quedou redactada como se transcribe a continuación, para o seu ditame pola Comisión Informativa:

“Á vista do exposto, propoño ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar, con carácter inicial, a modificación dos artigos 108.5, 115.1 apartados c), f) e g), e artigo 135 parágrafo primeiro do Regulamento orgánico municipal, tal e como se transcribe a continuación, manténdose nos seus termos o resto do texto dos anteditos artigos.

Os parágrafos modificados quedarían redactados do seguinte xeito:

Artigo 108.5, parágrafo terceiro: “A *Presidencia* poderá limitar ata un máximo de unha as mocións que presente un grupo municipal nun mesmo pleno ordinario.”

Artigo 115.1 c), parágrafo quinto . “Como xa se fixo constar no artigo 108.5 do presente Regulamento, a *Presidencia* poderá limitar ata un máximo de unha as mocións que presente un grupo municipal nun mesmo pleno ordinario

Artigo 115.1 f) parágrafo cuarto: “A *presidencia* poderá limitar ata un máximo de tres os rogos que presente un grupo municipal nun mesmo pleno ordinario, tendo en conta que cada rogo formulado só poderá instar unha única proposta de actuación, non podendo acumularse nun mesmo rogo varias peticións. O así formulado entenderase como non presentado.”

Artigo 115.1 g) parágrafo cuarto: “A *presidencia* poderá limitar ata un máximo de tres as preguntas que presente un grupo municipal nun mesmo pleno ordinario, tendo en conta que cada pregunta só poderá conter unha única cuestión, non podendo acumularse nunha mesma pregunta varias cuestións. A así formulada entenderase como non presentada.”

Artigo 135 parágrafo primeiro: “Respecto das comisións informativas e de seguimento da xestión do alcalde, Comisión de Goberno e concelleiros que exerzan delegacións, e tendo en conta a devandita función de seguimento que lles foi atribuída polo artigo 20.1 c) da Lei 11/99, do 21 de abril, e que igualmente se recolle no artigo 78.2, letra c) do presente Regulamento, na orde do día das sesións ordinarias, logo dos asuntos respecto dos que se deban emitir os correspondentes ditames, incluírase o punto de rogos e preguntas. A *presidencia* poderá limitar ata un máximo de seis os rogos e preguntas que presente un grupo municipal para cada comisión informativa, e no demais será de aplicación o establecido para o efecto no artigo 115.1 f) e g) en relación co pleno.”

Segundo: Abrir un prazo de trinta días para información pública e audiencia aos interesados, co fin de que poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presenten, entenderase definitivamente aprobada a modificación do ROM e publicarase o texto modificado no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local.”

Visto que dita proposta foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 25 de setembro de 2007.

Aberto debate, concédese a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do PP, quen manifesta que están de acordo coa proposta, e fundamentano en que, nunha corporación onde hai catro grupos na oposición, deberían intentar axilizar os plenos, ese é o principal obxectivo, porque do que se trata non é de cantidade, senón de calidade.

Segue dicindo que, ata agora, ningún grupo completa o número de seis rogos e seis preguntas que se poden presentar nas comisións informativas, algúns, incluso, non presentan rogos e preguntas para o pleno pero, engade, por suposto que cando haxa un tema importante, agarda que por parte da presidencia se permita o seu debate, e así o van esixir, como tamén se poñen a disposición dos demais grupos da oposición para unirse cando consideren necesario solicitar un pleno extraordinario.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, expón que consideran que a modificación supón un recorte da actividade da vida municipal e do control e fiscalización por parte dos grupos municipais respecto do equipo de goberno, polo que van votar en contra.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que é sorprendente que cando se saca unha proposta adiante non se utilice un método habitual na democracia, que é falar con todos os interesados, senón que o que se utilizou é a imposición, sacan adiante un capricho, pois a finalidade da proposta é non prolongar a duración dos órganos colexiados. Non saben a quen lle preocupa iso, pois o pleno é o único órgano colexiado ao que asiste o público e que poden marcharse cando se cansen. Os que teñen obriga moral de asistir e durante o tempo que dure, son os concelleiros, e a eles non se lles fai longo, pois están para falar das cousas que interesan á xente de Cambre, non teñen présa.

Segue dicindo que é un argumento falaz, o que interesa é que, como é un órgano colexiado onde os veciños poden oír o que din os concelleiros, pois que oian o menos posible. Se fora por iso, por axilizar, tamén se limitaría a presentación de rogos e preguntas nas comisións informativas, onde poden sair ata 90 asuntos a tratar. Ademais, engade, nin sequera traballaron ben, e por iso houbo que modificar a proposta de Alcaldía.

Non se respectou o principio de poñerse de acordo todos nin se respecta unha regra mínima que é a de que hai que ter moito respecto ás maiorías, pero tamén deben respectar as maiorías ás minorías. Neste período vese unha involución no talante, e consideran, a este respecto, que non hai que estar de acordo coa minoría senón respectala.

Conclúe dicindo que aprobar, derrogar ou modificar o Regulamento orgánico municipal require a maioría absoluta, o PS de G-PSOE ten sete concelleiros e neste caso, cos concelleiros do PP terá a maioría absoluta, polo que hai que descubrir a cara e votar co goberno, e non é que sexa malo, pero está ben que se saiba e que se entere todo o mundo. A partir de agora, a política haberá que facela noutro sitio.

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PS de G-PSOE, contesta que os acordos se intentaron, a Xunta de Voceiros reuniuse, tratouse o tema, e chegouse a un acordo que queda garantizado na proposta ditaminada pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica.

Segue dicindo que se trata de racionalizar a operatividade dos plenos, e así, por exemplo, o 90% das mocións que se presentan, non son tales, son rogos, e ás comisións informativas non se lles restrinxen para nada, ata se poden tratar 90 asuntos, como recoñece o voceiro do BNG.

E para rexeitar o manifestado por don Henrique Xabier Iglesias Oviedo de que se trata de restrinxir o coñecemento por parte do público do que se trata nos órganos colexiados, maniféstalle que as actas dos plenos se poñen na páxina web, e tamén se incorporarán as actas das comisións informativas, é dicir, será unha difusión maior da que teñen os plenos.

En canto á flexibilidade que pide o PP, contéstalle que este goberno deu mostra de flexibilidade, admitíronse máis rogos e preguntas que as permitidas.

A continuación concédese a palabra a don José Antonio Baamonde, voceiro do PP, quen comeza dicindo que, tanto á compañeira M^a Jesús como a el, que estiveron na Corporación na anterior lexislatura, sorpréndelles as declaracións que escoitaron, e dille a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo que quen o viu e quen o ve en só tres meses.

Manifesta que colleu un par de actas de plenos da anterior lexislatura na que o BNG formaba parte do equipo de goberno, e concretamente fai referencia á sesión ordinaria do 25 de agosto de 2005, en que por un fallo del mesmo, pois esqueceu presentar en tempo os rogos e preguntas, non foron contestados nese pleno. Por iso, e seguindo o mesmo criterio, pide ao presidente que dado que o BNG presentou fóra de prazo as preguntas, tampouco se lle contesten neste pleno. É tamén lle lembra que agora que está na oposición fala de democracia, pero cando o PP facía varias preguntas nunha, o equipo de goberno, no que estaba o BNG, non as contestaba, como tampouco contestaban cando o PP presentaba nove rogos e nove preguntas. Lémbrale que o PP é o único grupo que presentou tres mocións, seis rogos e seis preguntas, e ningún dos demais grupos completou os seis rogos e preguntas. Conclúe dicindo que se quere facer demagogia, que sega polo mesmo camiño.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, contesta a don José Antonio Baamonde que o seu grupo presenta unha moción porque son conscientes de que hai que acurtar os plenos, pero no primeiro pleno o PP non presentou ningunha moción e EU-IU presentou tres. Considera que non se debe recriminar aos demais grupos políticos pola política que levan a cabo.

Don José Antonio Baamonde contesta que por que critica a redución de mocións se co que acaba de manifestar se amosa que chega cunha moción.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, contesta a don José Antonio Baamonde que cando se aprobou o vixente regulamento, a Corporación era similar á de agora, a oposición a compoñían tres grupos, fíxose o regulamento e non houbo problemas. En todo caso, agradécelle a intervención porque confirma o que dixo; na Xunta de Voceiros o PS de G-PSOE contou co apoio do PP, pero non se estableceu un consenso. Di que o problema do voceiro do PP é que non se decata do que le, e parécelles ben que teñan adoptado esta postura, pois é unha inversión de papeis, antes o BNG estaba no equipo de goberno e agora fóra, antes o PP estaba fóra e agora no equipo de goberno.

A continuación toma a palabra o Sr. presidente para dar por concluído o debate, e, lembra, que no 2000 os plenos ordinarios eran cada dous meses, non cada mes, e iso hai que telo en conta.

Sometida a votación ordinaria a proposta de Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica, votan a prol os sete concelleiros do PS de G-PSOE e os sete

concelleiros do PP, e votan en contra os catro concelleiros do BNG e os dous concelleiros de EU-IU.

A Corporación, por catorce votos a prol, cumpríndose coa maioría absoluta do número legal de membros que compoñen a Corporación, esixida polo art.47.2 f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, acordou:

Primeiro: Aprobar, con carácter inicial, a modificación dos artigos 108.5, 115.1 apartados c), f) e g), e artigo 135 parágrafo primeiro do Regulamento orgánico municipal, tal e como se transcribe a continuación, manténdose nos seus termos o resto do texto dos anteditos artigos.

Os parágrafos modificados quedarían redactados do seguinte xeito:

Artigo 108.5, parágrafo terceiro: *“A Presidencia poderá limitar ata un máximo de unha as mocións que presente un grupo municipal nun mesmo pleno ordinario.”*

Artigo 115.1 c), parágrafo quinto . *“Como xa se fixo constar no artigo 108.5 do presente Regulamento, a Presidencia poderá limitar ata un máximo de unha as mocións que presente un grupo municipal nun mesmo pleno ordinario*

Artigo 115.1 f) parágrafo cuarto: *“A presidencia poderá limitar ata un máximo de tres os rogos que presente un grupo municipal nun mesmo pleno ordinario, tendo en conta que cada rogo formulado só poderá instar unha única proposta de actuación, non podendo acumularse nun mesmo rogo varias peticións. O así formulado entenderase como non presentado.”*

Artigo 115.1 g) parágrafo cuarto: *“A presidencia poderá limitar ata un máximo de tres as preguntas que presente un grupo municipal nun mesmo pleno ordinario, tendo en conta que cada pregunta só poderá conter unha única cuestión, non podendo acumularse nunha mesma pregunta varias cuestións. A así formulada entenderase como non presentada.”*

Artigo 135 parágrafo primeiro: *“Respecto das comisións informativas e de seguimento da xestión do alcalde, Xunta de Goberno Local e concelleiros que exerzan delegacións, e tendo en conta a devandita función de seguimento que lles foi atribuída polo artigo 20.1 c) da Lei 11/99, do 21 de abril, e que igualmente se recolle no artigo 78.2, letra*

c) do presente Regulamento, na orde do día das sesións ordinarias, logo dos asuntos respecto dos que se deban emitir os correspondentes ditames, incluírase o punto de rogos e preguntas. A presidencia poderá limitar ata un máximo de seis os rogos e preguntas que presente un grupo municipal para cada comisión informativa, e no demais será de aplicación o establecido para o efecto no artigo 115.1 f) e g) en relación co pleno.”

Segundo: Abrir un prazo de trinta días para información pública e audiencia aos interesados, co fin de que poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presenten, entenderase definitivamente aprobada a modificación do ROM e publicarase o texto modificado no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local.

4º.- Aprobación, se procede, das bases para a convocatoria pública das bolsas de estudo para o curso 2007-2008.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Educación, Xuventude e Deportes de data 17 de setembro actual, na que consta o intervido e conforme da interventora accidental.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá de data 25 de setembro de 2007.

Sometido a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PS de G-PSOE, os sete concelleiros do PP e os catro concelleiros do BNG, e abstéñense os dous concelleiros de EU-IU.

A Corporación, por dezaoito votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar as bases de bolsas de estudo para o curso 2007-2008.

Segundo: Autorizar un gasto de 7.200,00 euros con cargo á partida 2007/403 422 481 “bolsas de estudo” do orzamento municipal.

Terceiro: Comunicar a resolución aos Servizos Económicos para os efectos oportunos.

Cuarto: Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, así como darlles publicidade mediante avisos nun dos xornais de maior tirada da provincia e mediante trípticos informativos sobre a convocatoria.

5º.- Aprobación definitiva da modificación do estudo de detalle da unidade de execución n.º 24 das Normas subsidiarias de planeamento de Cambre, sita na Barcala.

Dada conta do expediente de modificación puntual do estudo de detalle para a unidade de execución n.º 24, sita na Barcala-Cambre.

Visto o informe emitido polo xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior de data 5 de setembro actual.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos de data 25 do actual.

Aberto debate, concédese a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, quen manifesta que na Comisión Informativa comentouse que se están facendo os procedementos ao revés. Non teñen licenza de obra, ou si teñen a licenza de obra pero non de apertura de actividade e, oficialmente, ninguén sabía desas obras, que pola contra están á vista de todos. Agardan que non ocorra nada.

Engade que lle preocupa ese tema, pero non quere ser responsable de que se estean facendo cousas que poidan dar lugar a unha reclamación patrimonial, e quere que conste en acta esta situación e que os técnicos municipais se decaten e non ocorran cousas similares destas características.

O Sr. alcalde contesta que teñen licenza de obra, e estase facendo dentro da legalidade, e agardan que teñan licenza de actividade antes de que se abra. Conclúe dicindo que se van crear 30 postos de traballo.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, engade que, aínda que antonte na Comisión Informativa se dixo que carecía de licenza de obra, preguntou ao xefe

da área de Urbanismo e díxolle que ten licenza de obras, o que ocorre é que non ten o cartel colocado, e debe esixirse a colocación do cartel.

Don José Antonio Baamonde López, voceiro do PP, manifesta que é certo, esta mañá notificoulle don Emilio Martínez que ten a licenza de obras.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PS de G-PSOE e abstéñense os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG e os dous concelleiros de EU-IU.

A Corporación, por sete votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar definitivamente a modificación puntual do estudo de detalle da unidade de execución n.º 24 das Normas subsidiarias do planeamento de Cambre, sita na Barcala-Cambre, promovida por don José M^a Olavarria Sánchez, na representación de Fábricas Lucía Antonio Beteré, S.A., e elaborada pola arquitecta dona Natalia Seoane Bueno e consistente na reordenación do espazo previsto como acceso central do centro comercial a zona de actividade comercial.

Segundo: Publicar este acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia de conformidade co artigo 92.2 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Terceiro: Comunicar ao conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda a aprobación definitiva e darlle traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do estudo de detalle aprobado definitivamente, de conformidade co artigo 92.3 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

6º.- Mocións.

A) Moción do grupo municipal do PP para axudar ás familias con fillos menores de tres anos.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, tratouse a seguinte moción:

Rexistrada de entrada ao n.º 10.841 o día 24 de setembro de 2007. Consta do seguinte teor literal:

“A situación económica actual das familias do noso país é un motivo de gran preocupación debido ás grandes cargas económicas actuais: suba da vivenda, tipos de interese das hipotecas, colexios, cesta da compra, que motivaron unha considerable perda do poder adquisitivo dentro das familias máis xóvenes do noso municipio e dunha maneira máis acentuada en aquelas que teñen fillos.

O gran aumento da poboación que se xenerou no noso concello nos últimos anos motivou que sexan moitas as familias que se atopan nesta situación as cales sufren esta preocupante situación económica e que se beneficiarían desta medida e que ademais serviría de aliciente para que outros mozos doutras zonas da área metropolitana quixeran asentarse adquirindo as súas vivendas nas distintas zonas urbanas do noso Concello para formar as súas familias, trasladar a súa nova residencia e vivir cos seus fillos cos conseguíntes beneficios que iso repercutiría para o noso concello.

Dende o Partido Popular de Cambre solicitamos unha axuda para as familias xóvenes que teñan fillos menores de tres anos e que se atopen nesta situación, executándose esta axuda mediante a redución no pago das distintas taxas e impostos municipais como auga, lixo, rede de sumidoiros, IBI, etc. que contibúisen a paliar as súas cargas económicas actuais así como para todas aquelas que teñan previsto fixar a súa vindeira residencia no Concello de Cambre, e por todo iso presenta, para o seu debate e aprobación a seguinte

PROPOSTA

Efectuar unha redución no pagamento dos diferentes impostos e taxas municipais (auga, rede de sumidoiros, IBI, IVTM...) para as familias con fillos menores de tres anos. Para paliar as reducións recadatorias, se poderían tomar en conta as seguintes medidas:

- a) Efectuar un maior control a todas as empresas e particulares do noso concello para que todos estean en regra e ao corrente no pagamento dos seus impostos.
- b) Axilización das xestións das altas das novas vivendas e empresas para que comecen a aboar as súas taxas e impostos dende o primeiro momento da súa ocupación e/ou posta en marcha.”

Don José Venancio Salcines Cristal, concelleiro delegado de Facenda, Comercio e Emprego, expón que consideran a idea moi interesante, pero antes de adoptar un acordo ao respecto debería pedirse un informe a Intervención para que se valore a repercusión económica, polo que propón deixalo sobre a mesa, pendente do informe de Intervención, e unha vez sexa emirito o informe, se estude por parte do equipo de goberno, e que os demais grupos da oposición colaboren para o efecto para mellorar a calidade de vida dos veciños.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que non están de acordo co texto.

O Sr. presidente somete a votación ordinaria a proposta de deixar o asunto sobre a mesa para que sexa emitido o oportuno informe pola Intervención municipal, proposta que é aprobada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión.

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Deixar o asunto sobre a mesa para que sexa emitido o oportuno informe pola Intervención municipal.

B) Moción do grupo municipal do PP para a posta en marcha dunha oficina municipal de atención e información da Lei de dependencia.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, tratouse a seguinte moción:

Rexistrada de entrada ao n.º 10.840 o día 24 de setembro de 2007. Consta do seguinte teor literal:

“O 30 de novembro de 2006 aprobouse a Lei de dependencia no Congreso dos Deputados co apoio do Partido Popular. Esta lei entrou en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOE (16 de decembro de 2006).

Establécese que a efectividade do dereito á prestación por dependencia será a partir do 1 de xaneiro de 2007. Durante estes anos atendéronse aos grandes dependentes e ata o 2015 incorporáranse paulativamente os dependentes moderados.

que: A Lei 39/2006 do 14 de decembro de 2006 di entre outros moitos supostos

- O sistema se desenvolve coa colaboración e participación de todas as administracións públicas e coa participación das entidades locais.
- A lei inspírase, entre outras, na colaboración dos servizos sociais e sanitarios na prestación dos servizos aos usuarios, conforme coas normas aplicables ás entidades locais.
- A lei crea o Comité Consultivo do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, órgano asesor na materia, adscrito ao Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais no que figuran seis representantes das entidades locais.
- Finalmente o calendario de aplicación desta lei, sinala que o primeiro ano 2007, só se atenderán aos valorados no grao III de gran dependencia, niveis 2 e 1.

Por outra banda, non se pode olvidar que os concellos posúen unha importante rede de atención primaria e comunitaria que hoxe en día xestionan boa parte dos servizos recollidos na lei e que contan con persoal apropiado para facer chegar a información e levar a cabo o seguimento das persoas usuarias do sistema.

Tendo en conta as competencias que a lei recoñece aos concellos, e sobre todo a necesidade de acelerar a súa aplicación e posta en marcha na nosa Comunidade, o grupo municipal popular do Concello de Cambre presenta, para o seu debate e aprobación as seguintes

PROPOSTAS

1.- Instar ao goberno local a poñer en marcha unha Oficina municipal de atención á dependencia onde as persoas dependentes deste concello poidan recibir a información necesaria sobre os servizos recollidos na lei e a tramitación das axudas correspondentes.

2.- Remitir unha carta a todos os veciños deste concello que están en situación de ser posibles beneficiarios destas prestacións para informarlles da creación desta Oficina municipal de atención á dependencia.

3.- Comunicar á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar que os Servizos Sociais de base neste concello, en prol da cooperación entre as distintas administracións, informarán e asesorarán a todos os veciños que o demanden, en relación coa aplicación da Lei de dependencia, facilitando os impresos apropiados e tramitando as solicitudes que se presenten.”

Concedida a palabra a dona Carmen Tato Lago, concelleira delegada de Asuntos Sociais, Igualdade e Participación Cidadá, manifesta que aceptan a moción, pero modificando o primeiro punto, pois se alguén ten que por en marcha unha oficina é Vicepresidencia, xa que é o que está facendo en varios puntos da comarca.

Segue dicindo que dende Servizos Sociais se están a poñer todos os medios para que todos os usuarios de Servizos Sociais se beneficien destas axudas, non só se lles facilita a documentación, senón que se cubre, emítense os informes sociais e, conclúe, agora se está chamando a todos os usuarios de axuda no fogar, e aos que non o solicitaron, se lles vai solicitar de oficio.

Don José Antonio Baamonde López contesta que non pretenden que se cre unha nova oficina con novo persoal, senón que dende Servizos Sociais se faga este labor, porque parece que hai un gran atraso, xa que se poñen catro buses que percorren Galicia, etc., pero necesítanse medios humanos, económicos, materiais, etc. para axudar ás persoas.

Don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PS de G-PSOE, conclúe que aceptarían a moción sempre que se entenda que dende os Servizos Sociais municipais estase prestando xa o servizo.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, expón que o seu grupo se abstén, pois cren que se descoñece a mecánica. A principios de mes saíu unha Orde que regula a rede de atención primaria. Lembra que nesta última etapa, pola Delegada de Vicepresidencia xa se deron charlas neste sentido, e supón que xa se está tramitando dende o Concello.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo vota a prol. Non obstante, engade que, respecto do primeiro punto da proposta, é moi limitado. Cren que Servizos Sociais está prestando toda a información de que dispoñen, e, por outro lado, seguindo na mesma liña, tamén habería que crear unha oficina para a violencia de xénero, outra para os emigrantes, etc.

Don José Antonio Baamonde López volve reiterar que non pretenden que se cree, quizais foi unha mala redacción, senón que dende Servizos Sociais se siga prestando.

O Sr. presidente somete a votación ordinaria a moción, entendendo que dende os Servizos Sociais municipais estase a prestar xa o servizo. Votan a prol os sete concelleiros do PS de G-PSOE, os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros de EU-IU, e abstéñense os catro concelleiros do BNG.

A Corporación, por dezaseis votos a prol, acordou:

Aprobar a moción presentada polo grupo municipal do PP, pero entendendo que dende os Servizos Sociais municipais se está a prestar xa o servizo.

C) Moción do grupo municipal do PP para solicitar a reparación das humidades, filtracións e rede de sumidoiros das comunidades da rúa Constitución 9, 11 e 13.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, tratouse a seguinte moción:

Rexistrada de entrada ao n.º 10.842 o día 24 de setembro de 2007. Consta do seguinte teor literal:

“Dende hai moitos anos, concretamente dende o ano 1996, e a través de diversos escritos selados polo rexistro municipal con data por orde cronolóxico: 9/agosto/1996, 11/setembro/1997, 25/maio/1999, 26/agosto/1999 e 25/novembro/1999, os veciños das comunidades da rúa Constitución 9, 11 e 13 do Temple veñen informando e notificando a este concello das distintas inundacións e filtracións que veñen sufrindo nos seus garaxes como consecuencia das filtracións e desbordamento de auga que se producen a través da beirarrúa ao citado soto e da rede de sumidoiros, causando humidades tanto no teito, paredes como aos coches que alí se atopan estacionados.

Finalizada a construción do edificio e durante moitos anos non houbo ningún tipo de problema nin contratempo desa índole, comezando a aparecer os problemas de filtracións e inundacións ao executarse as obras de remodelación do Paseo Marítimo e que supuxeron a elevación da cota de altura da estrada existente, pasando esta (como se pode

comprobar na actualidade) por encima da cota dos garaxes, o que orixina que cada vez que se producen choivas e ao non terse acondicionado ningún sistema eficaz de recollida e canalización da augas pluviais no momento da execución das obras de remodelación do Paseo Marítimo, a auga de choiva fíltrase cara os garaxes causando as humidades e inundacións cos consecuentes danos mencionados anteriormente.

A última inundación foi a ocorrida o pasado 27 de agosto a causa do desbordamento da rede de saneamento municipal, ao carecer esta dun sistema eficaz de recollida e canalización de augas pluviais, o que causou grandes danos para os veciños que tiñan os vehículos aparcados nas súas prazas, (tal e como se pode comprobar nas facturas que se achegan a este escrito dos estragos orixinados nos vehículos estacionados no garaxe) ademais de cuantiosos deterioros en forma de humidades aparecidos en paredes e teitos do garaxe, do cal puidemos ter coñecemento todos os veciños do concello ao ser noticia en diversos e variados medios de comunicación tanto escritos como distintas televisións. Por todo o exposto anteriormente o grupo municipal popular no Concello de Cambre presenta, para o seu debate e aprobación as seguintes

PROPOSTAS

1. Executar inicialmente unha revisión e/ou estudo do treito da rede de sumidoiros que afecta ás comunidades citadas para controlar posibles perdas, obstrucións, etc. que axuden a determinar os parámetros a seguir para a execución de xeito urxente das obras de acondicionamento necesarias como arquetas, rexistros, aumento do diámetro dos tubos, novas canalizacións de evacuación, etc. para acadar unha mellora e eficaz canalización das augas pluviais, principais causantes dos problemas de filtracións e inundacións dos edificios, xunto cos problemas existentes na rede de saneamento de recollida de augas pluviais orixinados polas obras de remodelación do Paseo Marítimo.

2. Executar conxuntamente ás próximas obras de remodelación da praza Manuel Murguía as revisións e obras mencionadas que eliminen toda humidade e filtracións existentes.

3. Deixar reservada unha partida específica dentro dos orzamentos do ano 2008 que contemplan a revisión e execución das obras deste proxecto e que consigan eliminar un problema manifestado por parte dos nosos veciños dende fai máis dunha década.”

Concedida a palabra a dona María Beatriz Ramos Padín, concelleira delegada de Medio Ambiente, Obras e Servizos, manifesta que aceptan a moción, pero haberá que facer un proxecto, incorporalo ao proxecto da praza Manuel Murguía, e incluílo nos orzamentos.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, pregunta se hai algún tipo de reclamación por danos contra do Concello.

O Sr. alcalde contesta que polo momento non, os garaxes, nun principio, non estaban legalizados.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que apoian a moción, hai que corrixir deficiencias pero tamén agarda que sirva para corrixir posibles anomalías que poidan xurdir noutros sitios.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PS de G-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, e os dous concelleiros de EU-IU.

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou aprobar a moción presentada, tal e como aparece transcrita.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que como non é un experto, ten dúbidas, dado que quere presentar catro mocións, as tres presentadas para este pleno, e a presentada para o pleno ordinario de agosto respecto da impugnación e proposta de rectificación do acordo plenario de 13 de xullo relativo á creación dos órganos colegiados municipais.

O Sr. Alcalde expón de novo que a razón de non telo incluído na orde do día é porque a secretaria xeral emitiu un informe para o efecto, polo que se require novo informe, e non puido ser emitido porque se incorporou este luns.

Por parte da secretaria maniféstase que emitirá o informe para que poida ser tratado o asunto no vindeiro pleno ordinario.

Don José Antonio Baamonde López, voceiro do PP, expón que o PP non vai votar unha moción sen antes ter un informe xurídico.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo volve lembrar que había un compromiso para tratalo neste pleno, tamén o pediron na Xunta de Voceiros, e hai unha solicitude formal do 15 deste mes solicitándoo. Engade que tamén puideron ter chamado ao voceiro e dicir o ocorrido. Cre que se non se fixo, será por algo. Por iso, vai ler as mocións presentadas para este pleno e despois solicitará que se debata por motivos de urxencia a presentada para o mes de agosto.

D) Moción do grupo municipal do BNG respecto da dotación de arborado ao parque infantil situado entre as rúas Francisco Rodríguez e Celso Emilio Ferreiro no Graxal.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, tratouse a seguinte moción:

Rexistrada de entrada ao n.º 10.824 o día 24 de setembro de 2007. Consta do seguinte teor literal:

“A construción do parque infantil situado no Graxal, entre as rúas Francisco Rodríguez e Celso Emilio Ferreiro supuxo, no seu momento, un grande avance nos equipamentos do barrio, tendo en conta ademais a numerosa poboación infantil da zona. Constituíu, ademais, un acto de recuperación dunha parcela urbana degradada e que afeaba o contorno. Xa naquel momento unha das reclamacións dos usuarios do parque era que se necesitaban zonas de sombra. Era lóxico pensar que un parque de nova construción non podía ter árbores de porte suficiente para dar sombra até pasado un tempo.

Naquel momento a resposta do goberno foi esa, non podía ser outra, pero pasados xa uns anos, os veciños usuarios do parque seguen a reclamar o mesmo, ao non terse tomado ningunha iniciativa para mellorar a dotación verde do lugar.

Son moitas as persoas usuarias do parque que reclaman esta mellora e que nos din que resulta bastante dificultoso explicarlle a nenos e nenas pequenas que hai determinadas horas do día, cando o sol máis apreta, que non se pode xogar neste parque. Dinnos, tamén, que plantar unhas cantas árbores mellorará, tamén, o aspecto dun barrio que non destaca precisamente pola súa calidade urbana.

Considerando que esta iniciativa debe ser unha das prioridades de actuación na zona, atendendo ás reclamacións e demandas veciñais e, mesmo ao recoñecemento da situación que se ten feito por responsábeis municipais, o Grupo municipal do BNG solicita do Pleno do Concello de Cambre que, considerando estas razóns, adopte os seguintes acordos:

1.- O goberno municipal encargará un proxecto de plantación de árbores no parque infantil da Rúa Francisco Rodríguez do Graxal, ben aos servizos técnicos municipais ben mediante unha asistencia técnica externa. Este proxecto deberá estar listo e entregado nun prazo de dous meses, coincidindo co Pleno ordinario do mes de novembro deste ano.

2.- O proxecto contemplara os dous obxectivos mencionados: dotar de zonas de sombra distintas áreas do parque e, contribuirá á mellora da imaxe urbana da zona.

3.- Habilitarase a dotación económica suficiente, ben nos novos orzamentos ou modificando os actuais, para poder acometer a reforma no vindeiro periodo invernal.”

O Sr. alcalde expón que deberá estudarse polos servizos técnicos e de mantemento de parques e xardíns para ver se poden plantarse árbores ou outras plantas. Conclúe que neste momento o primeiro é facer un estudo do parque no seu conxunto, e intentarase rehabilitar as zonas de sombra.

Don José Antonio Baamonde López, voceiro do PP, amosa a conformidade do grupo municipal ao que representa, dado que é verdade que falta masa verde.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, tamén amosa a conformidade do grupo municipal ao que representa, pois consideran que un parque sen árbores non ten sentido ningún, por iso, pide que se faga un proxecto, se estude e se valore.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PS de G-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, e os dous concelleiros de EU-IU.

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou aprobar a moción presentada, tal e como aparece transcrita.

E) Moción do grupo municipal do BNG para que se habiliten de maneira inmediata as oficinas do centro sociocultural da Barcala para o uso dos grupos políticos municipais.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, tratouse a seguinte moción:

Rexistrada de entrada ao n.º 10.824 o día 24 de setembro de 2007. Consta do seguinte teor literal:

“O Regulamento orgánico municipal vixente, no seu artigo 11 di:

1.-Os grupos políticos disporán, na Casa do Concello ou nun inmovible próximo pertencente ao Concello, dun local ou despacho para se reunir de maneira independente e recibir visitas dos cidadáns. Os devanditos locais estarán dotados dunha infraestrutura en medios materiais, informáticos e de comunicación necesarios, en consonancia coa capacidade económica e técnica do Concello.

A pesar desta disposición de obrigado cumprimento, o goberno local non ten dado un só paso para dotar dos medios de traballo mínimos aos grupos municipais. En diversas ocasións, tanto o BNG como outros grupos, temos plantexado esta irregularidade demandando unha urxente solución. O certo é que pasados máis de tres meses nada se ten feito e continuamos na mesma situación de precariedade de medios para podermos desenvolver o traballo para o que estamos elixidos pola cidadanía de Cambre.

Chegados a este punto e, visto o nulo interese do actual goberno por ofrecer unha solución debe ser o conxunto da Corporación quen tome as decisións. Seguir ao pé da letra a disposición regulamentaria podemos entender que resulte difícil no curto prazo pero, como non podía ser doutra maneira, con boa vontade podemos adoptar solucións factíbeis de maneira inmediata, coa encomenda dunha solución definitiva nun prazo adecuado.

Non ten xustificación desde unha concepción democrática e de tolerancia que uns ocupen todo e a outros se lles negue o máis elemental. Debemos, pois, proceder a un reparto equilibrado de medios en consonancia con este espírito de boas prácticas que está, ademais, ordenado por lei.

Neste sentido, e de maneira provisional, as oficinas actuais do Centro Sociocultural da Barcala son o lugar adecuado para cumprir esta función. Contamos con tres despachos preparados máis unha pequena sala de reunións, que tamén se pode converter en despacho, que serían suficientes nun primeiro momento sen necesidade de maiores inversións. Desta maneira os catro grupos municipais na oposición poderemos contar cunha infraestrutura mínima para traballar.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG de Cambre somete á consideración e aprobación do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

1- As oficinas do Centro Socio cultural da Barcala, na Rúa Río Brexa, serán distribuídas entre os grupos municipais da oposición. Concretamente os tres despachos existentes e a sala de reunións anexa que se habilitará como despacho. Ademais distribuiranse os armarios do corredor para poder ser utilizados como arquivo por cada grupo.

2- Os grupos municipais acordaran entre eles o reparto das salas, ben de común acordo, ben escollendo cada grupo en razón da súa maior representatividade.

3- A dotación mínima de medios deberá estar composta por telefono directo, ordenador con conexión de banda ancha e correo electrónico, impresora, fax e outro material de oficina necesario.

4- Así mesmo dispoñerán de fotocopiadora podendo, este equipamento, ser común para todos.

5- O Alcalde arbitrará as medidas necesarias para que os grupos municipais podan ocupar estas oficinas nun prazo máximo de quince días.

6- Esta medida terá carácter provisorio. Encoméndaselle ao goberno municipal a facer as xestións necesarias para que, a medio prazo, dotar de instalacións, mediante adquisición ou alugueiro, aos grupos municipais na casa consistorial ou nas súas inmediacións, tal como se recolle no Regulamento orgánico municipal.”

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PS de G-PSOE, expón que o goberno municipal non pode estar de acordo coa moción. Primeiro

porque non son partidarios de establecer oficinas provisionais que orixinan gastos a todos. Non é certo que non se teña feito nada, e lembra que se aprobaron no pleno de 13 de xullo unhas asignacións aos grupos municipais moi por encima das vixentes ata agora. Por último, hai elementos e materiais de propiedade municipal dos que gozan os grupos políticos e, engade, cre que don Henrique Xabier Iglesias Oviedo dispón dun ordenador portátil con conexión ADSL e tamén dunha cámara fotográfica, polo menos.

Conclúe que, por todo iso, farán o necesario para dotar duns locais dignos aos grupos municipais.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do PP, manifesta que están de acordo co fondo da moción, pero non coa forma. Xa se falou na Xunta de Voceiros, e lamentan que o BNG non estiveron na mesma liña cando era o PP o que estaba na oposición.

En canto a que don Henrique Xabier Iglesias Oviedo teña un ordenador con conexión ADSL que paga o Concello e unha cámara fotográfica, parécelle grave, e non sabe se EU-IU tamén dispón de estes elementos, pero o PP non, polo que solicita se tomen medidas por parte do presidente.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, expón que non están en contra da moción, pero consideran que estes locais deben estar no mesmo edificio do Concello, onde estaban, o podería mirarse se se pode trasladar o Xulgado a outro sitio.

Reitera que o anterior equipo de goberno ten a súa parte de culpa por non ter contemplado con suficiente antelación o poder dispoñer duns locais. Sorprendéronse cando souberon que o PP ten un local na Barcala e agora volven sorprenderse cando se decatan de que o BNG ten ordenador, ADSL, unha cámara fotográfica e demais.

Conclúe dicindo que EU-IU quere ter as mesmas facilidades e, ante este secretismo, séntense discriminados.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que eles piden que os medios sexan para todos, pero o que ten o BNG é coñecido pola Corporación, e o material non está perdido. O Regulamento orgánico municipal debe cumprirse, polo que se lles deben dar locais e medios axeitados, non ter ordenadores portátiles.

Engade que todo o material do BNG parece ser que está embalado nunhas bolsas, e non está a súa disposición. Debería térselles facilitado un local para todos.

Don José Antonio Baamonde López pregunta canto se pagou pola conexión ADSL, e don Francisco Javier Varela Tejedor responde que o último recibo rondaba os 600€

Don José Antonio Baamonde López pide que se comprobe dende a Intervención, e que se llo descuenten da asignación ao grupo municipal. Lembra que o PP perdeu o local que utilizaban na lexislatura pasada, debido ás obras que se efectuaron na planta baixa do Concello, e o PS de G-PSOE e o BNG, que pensou que se ía quedar perpetuamente, os mandaron a unha oficina na Barcala, con conexión, pero que se paga cos demais, supón que será tarifa plana. É dicir, o PP ten o local xa dende a pasada lexislatura.

Conclúe dicindo que lle parece grave que o voceiro do BNG dispuxera de ordenador portátil con concesión ADSL e ao PP non se lle tivera facilitado tamén un ordenador portátil, e pregunta canto lle custa ao Concello o local do PP e o ordenador portátil que ten o BNG. Cre que don Henrique Xabier Iglesias Oviedo debería contar aos veciños que ten un ordenador portátil con conexión ADSL, con facturas de 600 € etc. O PP tamén vai pedir outra cámara de fotos e supón que EU-IU tamén.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que pediu facer todo o traspaso e están agardando. Tamén entregou a tarxeta electrónica do Concello e está agardando polo recibo. A entrega do material debería facerse de xeito formal. E en canto ao PP, deixou a oficina da planta baixa de motu proprio.

Don José Antonio Baamonde López responde que os botaron porque se ían executar as obras para as novas oficinas, situadas nos antigos locais da oposición, como todo o mundo sabe.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que esta conversación é absurda, e propón convocar a Xunta de Voceiros de xeito urxente, para a vindeira semana, e tratar o tema.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, engade que hai moitos veciños de Cambre que non poden ter ADSL, e faise un fraco favor que se estea discutindo

este tema, cando hai veciños que non teñen nin sequera teléfono. Conclúe dicindo que aquí queda clara a calidade moral das persoas.

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, lembra ao voceiro do BNG que a asignación aos grupos non é para pagar campañas electorais, senón para os gastos do grupo, e é vontade do equipo de goberno dotar a todos os grupos con medios materiais, etc. para o seu funcionamento, de xeito proporcional á representación, e están máis de acordo con don Luis Miguel Taibo Casás respecto de que os locais deberían estar no Concello.

Don José Antonio Baamonde López solicita que se retire ao voceiro do BNG o ordenador portátil e a conexión ADSL.

O Sr. presidente dá por concluído o debate e somete a votación ordinaria a moción presentada. Votan a prol os catro concelleiros do BNG e os dous concelleiros de EU-IU, votan en contra os sete concelleiros do PS de G-PSOE e abstéñense os sete concelleiros do PP.

A Corporación, por sete votos en contra, acordou rexeitar a moción presentada, tal e como foi transcrita.

F) Moción do grupo municipal do BNG para a construción dunha beirarrúa ou senda peonil entre a nova ponte das Insuas e o acceso ao IES “David Buján” en Sigrás.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, tratouse a seguinte moción:

Rexistrada de entrada ao n.º 10.824 o día 24 de setembro de 2007. Consta do seguinte teor literal:

“Son moitas as necesidades de investimento en obras de seguridade vial e accesibilidade no noso Concello. Estarmos atravesados por un sin fin de estradas de diferentes titularidades (provincial, autonómica ou estatal) tense convertido nun grave problema que supera os beneficios de comunicación que aporta. Sobre todo cando os titulares de ditas estradas teñen esquecido o seu deber de mantemento e mellora pensando na poboación que vive nas súas beiras. Moitas delas son hoxe auténticas travesías urbanas e

forman parte, en realidade, da rede de comunicacións locais. En moitas ocasións ten sido por iniciativa municipal, con impostos pagados polos veciños e veciñas de Cambre, como se teñen abordado arranxos ou melloras nestas estradas, suplindo así, a deixación ou abandono ao que estabamos condenados. É certo, tamé, que nos últimos tempos cambiou algo a situación con actuacións do goberno galego ou provincial coas que recuperamos algo de atención. Pero non é dabondo e, os representantes electos de Cambre temos a obriga de actuar para, en primeiro lugar, coidar a seguridade das persoas. Iso obriga a priorizar e tomar decisións posto que é evidente que os recursos non son ilimitados.

A estrada provincial que une Cambre con Sigrás é un dos puntos negros recoñecidos. Mesmo estes días líamos informes da Policía Local nos que se salientaba que esta estrada era un dos lugares onde estaban a centrar os dispositivos de control de velocidade, precisamente pola densidade do tránsito e a cantidade de infraccións detectadas. Coincide ademais como lugar de paso para centos de rapaces e rapazas que a diario acoden ao IES de Sigrás ou a Escola de música de Sementeira. Por non estendernos coa relación de cidadáns que a usan para dirixirse a Cambre. Precisamente entre o cruce de acceso ao instituto e a nova ponte das Insuas está o peor tramo. Pouco máis de trecentos metros, en curva, e o único sen ningún tipo de arcén ou beira-rúa na que protexerse de toda a estrada. A isto hai que lle sumar un deficiente alumeadado público, sobre todo no cruce, e unhas gabias cheas de augas negras permanentemente.

Desde o BNG cremos que é un punto negro prioritario para eliminar e que debe acometerse con toda urxencia.

Nos pasados días chegou a circular da Deputación coas instrucións para cumprimentar a solicitude do POS (plan de obras e servizos). Nesta comunicación infórmase que a Cambre correspóndenlle algo máis de 365.000€ no vindeiro plan e que, os proxectos deben estar presentados antes do 30 de novembro.

Entendemos que por responsabilidade cos nosos cidadáns debe ser esta unha obra a incluír neste plan e poder así, ser executado na primeira parte do vindeiro ano. Por este motivo desde o Grupo Municipal do BNG de Cambre facemos unha chamada á responsabilidade e, tamén, á sensibilidade de toda a Corporación, tanto de quen goberna como dos grupos da oposición a que consideremos a importancia desta proposta.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG de Cambre somete á consideración e aprobación do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

1- O Pleno de Cambre encoméndalle ao goberno local acometer con toda urxencia un proxecto de beira-rúa ou senda peonil entre a ponte das Insuas e o acceso ao IES “David Buján”. Incluído o proxecto de expropiación de non ser posíbel as cesións de terreos necesarias.

2- Este proxecto deberá incluír a mellora no alumeadado publico, sobre todo no cruce co instituto e, a reforma de dito cruce, tanto na entrada escolar como no acceso a vía local en dirección ao Souto, e o saneamento dos verquidos existentes.

3- Incluír este proxecto dentro dos que se enviaran coa solicitude do POS deste ano.”

Toma a palabra o Sr. alcalde e expón que, fai vinte días, tiveron unha reunión co presidente da Deputación e comprometéronse a facer esta obra. A pasada semana estiveron os técnicos e dixeron que en 30 días empezarán a obra.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, responde que viron a noticia e considérano satisfactorio, e incluso estiveron dispostos a retirar a moción, pero gustaríalles que nesta sesión se aprobara para que, se por algún motivo hai un atraso no compromiso da Deputación, sexa o Concello quen acometa ese traballo. Están dispostos a retirar o terceiro punto respecto de incluíla no POS deste ano, pero manteñen que é urxente, e se non o fai a Deputación, que o faga o Concello, e que se contemple tamén o arranxo do cruzamento, que é necesario, e eliminen as augas negras nun sito en que existe saneamento.

O Sr. alcalde contesta que agarda que se faga pola Deputación con carácter urxente, e se non é así, meterase no orzamentos do Concello.

O Sr. alcalde somete a votación a moción coa modificación do punto terceiro, no sentido de que, se non a fai a Deputación, vincularase aos orzamentos do Concello. Votan a prol da moción, coa modificación proposta polo Sr. alcalde, os sete concelleiros do PS de G-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG e os dous concelleiros de EU-IU.

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou aprobar a moción presentada, coa modificación proposta polo Sr. alcalde.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo solicita se declare de urxencia a moción presentada ao pleno ordinario de agosto respecto da impugnación e proposta de rectificación do acordo plenario de 13 de xullo de 2007, respecto da creación de órganos colexiados, non porque vaia a ocorrer algo, senón porque lles parece que non foi correcto o tratamento recibido.

Sometida a votación ordinaria a declaración de urxencia, votan a prol os catro concelleiros do BNG e os dous concelleiros de EU-IU, e votan en contra os sete concelleiros do PS de G-PSOE e os sete concelleiros do PP, polo que queda rexeitada a declaración de urxencia.

G) Moción do grupo municipal de EU-IU para dotar dun transporte os alumnos universitarios residentes no concello ata o campus da Universidade da Coruña.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, tratouse a seguinte moción:

Rexistrada de entrada ao n.º 10.836 o día 24 de setembro de 2007. Consta do seguinte teor literal:

“A necesidade de potenciar a educación resulta transcendental para o futuro de calquera identidade político-administrativa de base territorial. Esta afirmación parécenos tan evidente que non consideramos necesario insistir mais na súa importancia.

Resulta evidente a necesidade de axudar a aqueles estudantes residentes no Concello, que cursen estudos de nivel superior cando se atopan con dificultades importantes cuxa superación poida ser abordada polo propio concello.

A carencia de comunicación directa entre o noso territorio municipal e o campus universitario de A Coruña, fai dificultoso, caro e largo o desprazamento para os alumnos/-as que cursan estudos nos centros universitarios, se non contan con transporte propio. Engádese a todo iso a necesidade de transportar libros ou material de traballo e

outras que configuran en conxunto, un panorama desmoralizador para calquera alumno que teña que soportar todas esas dificultades.

Certamente, a solución deste problema debe vir dada, nun futuro que agardamos non demasiado lonxano, pola racionalización do sistema de transporte no área comarcal de A Coruña. A realidade é que, transitoriamente, existe unha importante necesidade que atender á que compre dar resposta mediante unha actuación do concello. Esta necesidade cubriríase creando un transporte de alumnos aos centros universitarios financiado polos propios usuarios, (se ben cabe a posibilidade de subvencionar total ou parcialmente os mozos/-as en situación económica mais precaria). Este servizo podería, mesmo, resultar mais rendible se se completa co transporte de alumnos/-as doutros niveis que cursen estudos en centros polos que transcorra o seu itinerario (Centro de Ensinanzas Integradas de O Burgo, por exemplo), ou ben si se instrumenta conxuntamente con outros concellos do contorno.

En todo caso, antes de abordar definitivamente a creación deste servizo, parece razoable realizar un estudo da necesidade real da súa posta en marcha, así como dos horarios mais axeitados, para o que sería preciso realizar unha convocatoria pública dirixida ao coñecemento dos posibles interesad@s , así como dos horarios de maior concorrencia. Sería preciso tamén tomar contacto con outros concellos para estudar a posibilidade de abordar este problema conxuntamente. A título simplemente indicativo, consideramos que podería partirse da base de implantar dous servizos de ida (a primeira hora da mañá e da tarde), e outros dous servizos de volta (a ultima hora da mañá e polo serán).

Segundo datos oficiais facilitados o Grupo Municipal de EU-IU polo servizo de asesoramento e Promoción do Estudiante da Universidade de A Coruña, referidos o curso 2005-2006, o número de estudantes procedentes do noso concello que acudían a centros da devandita Universidade era o seguinte:

Facultade de Ciencias:.....	29	alumnos/-as
Facultade CC. Comunicación.....	2	“
Facultade CC. da Educación.....	63	“
Facultade de Dereito:.....	32	“
Facultade de Humanidades:.....	4	“
Facultade de Socioloxía:.....	10	“
Facultade de Informática:.....	34	“
Facultade de Filoloxía:.....	18	“
Facultade de Ciencias Económicas:.....	46	“

Arquitectura.....	11	“
Arquitectura Técnica:.....	19	“
EU Estudos Empresariais.....	31	“
Enxeñeira de Camiños e Portos:.....	14	“
<u>TOTAL.....313</u>		”

Este número, que resulta previsible sexa xa maior no presente curso, e que vai incrementándose nos próximos anos, xustifica sobradamente a proposta que realiza o noso Grupo Municipal, coincidindo con moitos/-as universitarios do noso concello, que así no lo teñen manifestado.”

Polo exposto o grupo municipal de EU-IU propón ao pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro.- Por parte do Goberno Municipal, realizarase no prazo mais corto posible, unha campaña informativa dirixida os alumnos/-as residentes no Concello, preferentemente os que cursen estudos nos centros universitarios, para facerlles coñecer o proxecto de creación dun servizo de transporte dende os distintos puntos do concello de Cambre. Os interesados, facilitaran o concello os datos que poidan ser de interese para a implantación do servizo.

Segundo.- Simultaneamente, o Goberno Municipal fará unha convocatoria ás empresas de transporte para que, de interesarlles, oferten a súa dispoñibilidade así como o prezo / kilómetro, sobre unha base de entre 110 e 120 kilómetros, diarios de percorrido total.

Terceiro.- Así mesmo, o Goberno Municipal iniciará contactos con outros concellos para sondear o posible interese dalgún deles por participar nesta iniciativa.

Cuarto.- Con todo-los datos anteriores, o Goberno Municipal elaborará unha proposta para presentar diante da Comisión Informativa correspondente antes do 15 de decembro, na que se contemplara algunha das seguintes alternativas:

- a) Innecesariedade ou inconveniencia da creación do servizo.
- b) Creación do mesmo, detallando neste caso:

- Custo total e sistema de financiamento, así como exención ou reducións para determinados alumnos/-as.
- Horarios e percorridos indicativos.
- Número de usuarios.

Quinto.- No caso de decidirse a creación do servizo, procederase informar ás persoas interesadas das condicións económicas, horarios e percorridos, sinalando a posibilidade de reaxuste dalgúns dos detalles anteriores para axeitalos ás circunstancias concretas dos usuarios, abríndose un prazo para inscrición definitiva.”

Don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PS de G-PSOE, expón que estarían de acordo en case todo se fora legal, pero o Concello non ten capacidade ningunha para crear unha liña de transportes e menos se afecta a máis municipios. Por suposto, faríase a campaña informativa, pero o servizo sería ilegal. Por iso, propón trasladar o asunto á Xunta, que é a competente, pero aprobar unha liña ilegal non se vai aprobar.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que non pretende que se faga algo ilegal, senón algo similar ao que se fai coas piscinas. O que pide é que se estude, e se se pode contratar un autobús, pois ben, pero se non se pode, pois propoñelo á Xunta de Galicia xunto con outros concellos.

Don Felipe Andreu Barallobre, do PP, manifesta que ata o 2004 había un servizo, felicita a EU-IU, e lembra que o PP xa tiña no seu programa electoral crear o servizo de transporte universitario, polo que apoian a moción. Cren que deberían loitar todos por este servizo, pois Cambre é un dos municipios con máis mozos de España.

Conclúe dicindo que no programa electoral prevían que, conxuntamente coa implantación desta liña, querían un billete único, e parécelles fundamental para que estudantes de Cecebre, Pravio, etc. poidan chegar sen utilizar outros buses.

Don Francisco Javier Varela Tejedor conclúe que están de acordo coa moción, sempre que se faga o estudo pertinente, e unirse ao resto dos concellos para solicitalo á Xunta de Galicia.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, expón que están a prol do fondo da moción, e lembra que intentos de facer estudos xa

se fixeron na pasada lexislatura. Fíxose a recollida de datos de horarios de transporte, incluso un para acceder á Zapateria, e durou pouco tempo por falta de uso. É necesario, pero é certo que non é rendible.

Segue dicindo que o problema é que esta comarca e a universidade, están dentro da rede de transporte na que non existe billete único, tren de cercanías, etc., e que eses 300 e pico alumnos non teñen o mesmo horario, uns van pola mañá, outros pola tarde, etc.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que a moción ven dada pola necesidade dun transporte que se necesita, haberá que facer un estudo que sexa idóneo, e ver a posibilidade de levalo a cabo.

O Sr. alcalde manifesta que dentro das reunións do Consorcio estase traballando no billete único, e hai un compromiso de poñelo en funcionamento a primeiros de ano.

Don Francisco Javier Varela Tejedor engade que o billete único se presenta con itinerarios dende as cabeceiras municipais de cada concello ata A Coruña, pero o problema concreto dos estudantes para ir ao campus non se vai resolver.

Don Felipe Andreu Barallobre solicita se recolla puntualmente o tema do billete único.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que está de acordo, pois EU-IU xa o solicitara noutras lexislaturas e non teñen inconveniente. Conclúe dicindo que agarda que se tome con cariño e se axilice.

O Sr. presidente dá por concluído o debate, e somete a votación ordinaria a moción coa inclusión de recoller o tema do billete único, e condicionado a que se faga o estudo pertinente e unirse ao resto dos concellos para solicitalo á Xunta de Galicia.

Sometido a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PS de G-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG e os dous concelleiros de EU-IU.

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Aprobar a moción presentada coa inclusión de recoller o tema do billete único, e condicionado a que se faga o estudo pertinente e unirse ao resto dos concellos para solicitalo á Xunta de Galicia.

7º.- Informes da Alcaldía.

De orde do Sr. presidente deuse conta pola secretaria da corporación do seguinte escrito:

- Do escrito procedente do Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria da Coruña, rexistrado de entrada ao n.º 10.279 o 17 de setembro actual, no que se comunica que foron elixidos como representantes das entidades locais nos Consellos Territoriais da Propiedade Inmobiliaria, os concellos de Santiago de Compostela e Carballo en representación dos municipios de máis de 20.000 habitantes, e o de Ponteceso en representación dos de menos de 20.000.

8º.- Rogos e preguntas.

Rogos do PP presentados por escrito.

Rexistrados de entrada ao n.º 10.838 o 24 de setembro actual.

1º.- No lugar de Xan Faba, parroquia de Sigrás, foron numerosas as queixas dos veciños a causa das continuas subidas e baixadas de tensión na rede eléctrica orixinando deterioros en aparatos eléctricos. Coñecedor o grupo municipal popular que este problema é extensivo a outras zonas do noso concello, solicita ao goberno municipal que tome as medidas necesarias para subsanar esas deficiencias.

Dona María Beatriz Ramos Padín responde que ao concello non lle consta queixa ningunha sobre este problema pero, se teñen información ao respecto, pide ao PP que se lla facilite.

O Sr. alcalde engade que están en disposición de facilitar as obras que Fenosa ten previsto executar para os vindeiros anos. Pasarán unha copia do informe a todos os grupos.

2º.- Hai uns días iniciáronse as obras de reforma da costa da Tapia, principal arteria da parroquia do Temple, orixinando serios problemas de circulación e aparcamento na zona a causa das amplas zonas valadas e nas que non se levou a cabo ningún traballo nin se viu incrementada a presenza da policía municipal para a ordenación do tráfico sobre todo en horas punta. Ante estas queixas, o grupo municipal popular solicita información de como se van desenvolver os traballos así como o plan de actuación da policía municipal para paliar os problemas de circulación que se dan na zona.

O Sr. alcalde contesta que onte tiveron unha reunión cos empresarios, e a policía está moi pendente da zona. Intentarán que se cause o menor prexuízo posible.

Dona María Beatriz Ramos Padín engade que se cambiou o sentido dalgunha das rúas para previr o problema de aparcamento, e a policía local estivo nas horas punta, tanto pola mañá como pola tarde.

3º.- Veciños de Cela e Cecebre denunciaron a concelleiros do grupo municipal popular o mal estado en que se atopa o camiño municipal que vai de Cela ao Canal (Cecebre). Nalgúns dos seus treitos o camiño se atopa intransitable a consecuencia do paso de camións de gran tonelaxe que estiveron traballando na construción do paseo fluvial. É por iso que o grupo municipal popular solicita ao goberno municipal a súa reparación á maior brevidade.

O Sr. alcalde contesta que se estragou polas obras o río Mero. Tiveron unha reunión co director de obra, e hai un compromiso de que o van arranxar, é dicir, arranxarano a Confederación Hidrográfica.

4º.- Ante a proximidade da época de choivas e para que non se volvan repetir as inundacións que se veñen producindo ano tras ano na zona do Caneiro, onde os veciños teñen que ser evacuados das súas vivendas xa que a zona no dispón dunha rede de saneamento de recollida de pluviais acorde co lugar, o grupo municipal popular solicita información sobre as medidas que se van adoptar para que non se volvan repetir estas inundacións e subsanar estas carencias.

O Sr. alcalde contesta que vai ser difícil; van manter unha reunión cos veciños pois cando a Confederación quería facer unha obra, eles non estaban de acordo, etc. Reuniranse para ver que solución se vai dar, pero se chove inundarase, pois as vivendas están nunha cota máis baixa, onde están as casas queda máis baixo que o río.

Segue dicindo que os técnicos propuxeron facer un pequeno encoro para bombear, pero manterán unha reunión cos veciños. Tamén se falou cos veciños da posibilidade de comprar un terreo e conducir as augas alí para facer un bombeo, pero as casas quedan máis baixas. Para iso se falaba dun financiamento entre Confederación, veciños e Concello, pero quedou así. Quedaron os veciños de velo entre eles e despois se manterá unha reunión para ver se hai unha proposta.

Don José Antonio Baamonde López pregunta se a Confederación deu diñeiro para acabar as obras do río.

O Sr. alcalde contesta que ten que facer un proxecto de modificación entre as Motas e o río, pero non ten nada que ver coas obras do río. Tamén hai un problema en Norgasa, así como noutras zonas. O Concello mandou un expediente das cousas que hai que facer. Van falar co conselleiro de Medio Ambiente e coa Confederación para, co Concello, levar a cabo o mantemento.

5º.- Foron moitos os veciños do noso concello que se dirixiron ao grupo municipal popular para a instalación dunha máquina de presoterapia nos centros de saúde do noso concello para o tratamento dos nosos veciños. Ante estas demandas o grupo municipal popular solicita a instalación desta máquina nalgún dos nosos centros de saúde.

Dona Carmen Tato Lago contesta que o 27 de agosto pasado xa se solicitou unha entrevista coa delegada provincial de Sanidade e, entre outros temas, está como ampliar a consulta de psicólogos en Cambre, o drenaxe linfático e a máquina de presoterapia. Aínda entendendo que non é un tema municipal, quere expoñelo ante a Consellería de Sanidade. É un tema que lle preocupa, polo que vai pedir a máquina e a intentar que se conceda.

6º.- Obsérvase que as sendas peonís do paseo fluvial do río Mero están a ser invadidas por maleza e que non está levando a cabo ningún tipo de conservación nin mantemento para ter o paseo arranzado e unhas condicións mínimas para uso e goce de

veciños e visitantes da zona. Por iso, o grupo municipal popular solicita o acondicionamento e mantemento periódico do mencionado paseo.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que solicitaron por escrito a Caixa Galicia, que ten chegado a un acordo coa Xunta, unha subvención para que financie un tractor con rozadora e a man de obra cos correspondentes operarios. Agardan unha contestación para a vindeira semana para ver se se inclúe na campaña de medio ambiente de Caixa Galicia.

Rogos de EU-IU presentados por escrito.

Rexistrados de entrada ao n.º 10.836, xunto coas mocións, o día 24 de agosto de 2007.

1º.- O complexo deportivo da Balastreira en Cecebre, atópase nunhas condicións de abandono e deterioración importantes, motivado nas múltiples carencias existentes no seu conxunto.

O grupo municipal de EU-IU, prega ao goberno proceda a reparar as deficiencias existentes no parque infantil, repoñer as canastas de baloncesto da polideportiva. Así como a corrección doutras deficiencias que se detecten polos servizos técnicos do concello.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que non é só esta zona da Balastreira a que está mal. O tema das canastas solucionarase rapidamente, pero tamén se pensou en arranxar o contorno. Está clara a necesidade de levar a cabo a contratación do mantemento de instalacións deportivas para que non ocorra isto.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que está de acordo, pero que se repoñan canto antes as pezas. Tamén solicita que se vacíen os colectores de lixo que están pegados ao parque infantil, pois están a tope.

2º.- Recentemente foi inaugurada unha praza no centro da Vila dedicada o que foi veciño e médico de Cambre, D. Enrique Piñeiro Rodríguez. A mencionada praza, carece dalgún elemento de mobiliario urbano que o noso Grupo considera necesario.

Pregamos ao goberno municipal, proceda dotar de bancos e papeleiras a mencionada praza.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que xa ten bancos e a dotación correspóndelle ao construtor. Comentarallo.

3º.- As persoas que transitan polo paseo fluvial do río Mero, ao seu paso pola estrada da ponte do Caneiro, teñen que atravesar a vía sen que exista ningún tipo de sinalización que atenúe os vehículos que circulan pola mencionada estrada.

O grupo municipal de EU-IU, prega ao goberno municipal, proceda a dotar o lugar de sinalización tanto vertical como horizontal.

O Sr. alcalde contesta que lles parece ben, e tamén habería que facelo con outras pontes. Pedíuse unha sinalización e puxéronse en contacto coa Consellería para que o fagan.

4º.- O grao de crecemento urbano acadado polo concello de Cambre nos últimos anos, con áreas densamente poboadas, non foi seguida da dotación dos servizos públicos necesarios. A actuación dos distintos Gobernos municipais non pode cualificarse máis que de improvisada, ao ir en moitas ocasións por detrás dos problemas.

Este é o caso da situación do parque da Igrexa no centro da Vila, onde asistimos coa aparente compracencia do goberno municipal a unha deterioración progresiva do seu estado de deterioración, sobre todo no seu céspede é o detrimento das súas árbores.

A situación é extremadamente preocupante, de xeito tal que, de non adoptarse medidas de inmediato, a situación pode agravarse moito máis.

O noso grupo prega ao goberno municipal, que en breve prazo proceda o acondicionamento de dito espazo.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que hai zonas que poden estar un pouco máis machucadas, porque esta para goce da xente, pero non está todo o conxunto de Cambre.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que cada vez está peor, pois non funciona o sistema de rego, quitáronse árbores que deben repoñerse, etc.

Don José Antonio Baamonde López solicita que se saque a concurso o mantemento de todo o concello, e que se vaia repoñendo todo.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que dende o mesmo día en que tomou posesión se solicitou aos técnicos municipais a elaboración das prescricións técnicas para a contratación de todos os servizos.

5º.- Na “Casa das Palmeiras” un chanzo de máis de 20 cm., na súa entrada dificulta ou imposibilita o acceso de veciños en cadeira de rodas ou cunha mobilidade reducida. Non menos inaccesible é o timbre para que abran a porta que está situado a unha altura inaxeitada, facendo máis difícil aínda o acceso as dependencias municipais.

Polo tanto o noso grupo, prega ao goberno municipal:

-A construción inmediata dunha rampla na porta da Casa das Palmeiras.

-A recolocación do timbre facendo accesible a todos os veciños

-Revisión de todos os accesos a edificios públicos xestionados polo concello, detectando posibles tipos de barreiras e adaptandoos a todos os cidadáns, independentemente da súa discapacidade e o grao de afectación de cada un.

O Sr. alcalde contesta que están negociando coa Once e coa Consellería de Traballo, intentando salvar obstáculos. Non obstante, nese edificio hai un problema, pois a beirarrúa é estreita, ao mellor habería que abrir unha porta por un lateral. Mirarase a ver que alternativas hai.

6º.- Os concellos teñen cada vez máis protagonismo no desenvolvemento dos Servizos Sociais, ante o novo marco normativo do desenvolvemento da Lei de dependencia.

O grupo municipal de EU-IU, prega ao Goberno Municipal se nos informe se, a información e asesoramento polos mencionados servizos, tamén contempla cubrir os formularios para efectuar a solicitude para as axudas establecidas na lei, tendo en conta as

dificultades que en moitos casos teñen as personas dependentes, e a unidade familiar de convivencia.

Respecto de se se dá información e asesoramento polos Servizos Sociais en relación coa Lei de dependencia, dáse por aceptado.

Preguntas do PP presentadas por escrito.

Registradas de entrada ao n.º 10.839 o 24 de setembro de 2007.

1ª.- Dende o grupo municipal popular pregúntase ao equipo de goberno de cales son os motivos polos que o parque infantil existente na praza Fernando Buesa se atopa valado sen poder ser utilizado polos numerosos residentes da zona.

O Sr. alcalde contesta que hoxe estiveron os técnicos para facer a comprobación para dar de alta as vivendas e en poucos días estará a praza a disposición do público.

2ª.- De todos é sabido da inxerencia existente polos nosos veciños en relación co trazado do AVE ao seu paso polo noso concello. Por iso, o grupo municipal popular pregunta que xestións se veñen realizando dende a presentación das alegacións o pasado mes de febreiro e en que punto se atopan estas, así como as iniciativas ou propostas que se van levar a cabo por parte deste concello para dar solución a este problema.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que se mandaron as fotografías actualizadas dende marzo de 2006, e solicitouse unha entrevista coa Dirección xeral de Ferrocarrís.

3ª.- Despois da promesa incumprida durante varios anos da construción da Casa da Cultura, así como o investimento efectuado no concurso de ideas e proxecto básico de execución que ascenderon a 120.000 euros para a construción da citada casa, o grupo municipal popular pregunta cando se ten previsto o seu inicio e prazos de execución.

O Sr. alcalde contesta que o teñen difícil, está sen recualificar a parcela, e vai para longo. Agora ben, ao mellor na unidade de execución que se vai facer diante da farmacia hai a posibilidade de poder situala. Dentro de 10 ou 15 días traerán un Estudo de

detalle e se mirará. Tamén estivo falando co presidente da Deputación para ver se se pode manter o diñeiro, e pedirase á Consellería de Cultura.

O problema é que no seu día se pensou que se tiña recualificado o terreo onde se prevía situar, como de equipamento, pero dixéronlles que para recualificala hai que metela no Plan xeral.

4ª.- O pasado mes de febreiro o grupo municipal popular presentou escrito no rexistro do concello, ademais de enviar unha copia ao Ministerio de Fomento onde se solicitaba unha maior seguridade viaria na N-55 ao seu paso por Altamira. Dito escrito ía acompañado por máis de 500 sinaturas de veciños, residentes e prexudicados. Transcorridos sete meses e ante a falta de resposta ata o día de hoxe por ambas institucións, o grupo municipal popular pregunta ao goberno municipal que xestións se realizaron ata a data e que medidas teñen previstas adoptar para aumentar a seguridade viaria na zona.

O Sr. alcalde contesta que houbo unha reunión co xefe da Demarcación de Estradas. O proxecto está presentado en Madrid, e hai posibilidades de que as obras se fagan este ano. De todas formas, pediuse que, antes de que o aproben, o examine o Concello para ver se hai algunha cuestión que modificar, etc.

5ª.- Na parroquia de Sigrás obsérvase a inexistencia de rede de sumidoiros nalgunhas vivendas dos lugares da Pena (n.º 1 e próximas), Aián (á altura dos números 36-38-40...) así como algunhas empresas existentes no polígono da Xira. É por iso, que o grupo municipal popular, pregunta ao goberno local que previsións existen para a instalación deste servizo demandado polos veciños e empresas da zona.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que na zona de Sigrás hai problemas porque non dá a cota e haberá que poñer un bombeo, e na Xira haberá unha reunión veciñal cos propietarios das naves, etc., para ver se ceden o paso polos seus terreos. Isto é o que lle informaron os técnicos.

6ª.- Ante as últimas noticias publicadas na prensa sobre os vertidos aparecidos na ría do Burgo, na parroquia do Temple, o grupo municipal popular pregunta ao equipo de goberno sobre as xestións realizadas para averiguar a orixe concreta deles e no seu caso, as medidas a adoptar para a eliminación dos vertidos.

O Sr. alcalde contesta que é verdade que, cos problemas que houbo, se puido comprobar a existencia dalgúns vertidos, sobre todo de lavadoras, conectadas a pluviais, e tamén que había algúns erros de conexión entre rede de pluviais e saneamento, pero xa se arranxou.

Se detectaron tamén que, nos rochos das casas, moitos veciños colocaron as lavadoras e conectáronas ao tubo do tellado. Estase estudando.

Por outro lado, encargouse a Emalcsa e á Universidade para que recollan unhas mostras, pois hai vertidos que non corresponden a Cambre, senón a Culleredo, porque aínda que Cambre teña tamén responsabilidade, os vertidos que preocupan tanto aos mariscadores, non son de Cambre.

Preguntas do BNG presentadas por escrito.

O Sr. presidente manifesta que non se van contestar por estar fóra de prazo.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo pregunta á secretaria cando se rexistraron e se están fóra de prazo.

Por parte da secretaria se comproba que foron rexistradas de entrada ao n.º 10.888 o 25 de setembro actual, polo que non se cumpre cos dous días de antelación ao da celebración da sesión ordinaria.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que entón si se presentaron dous días antes.

A secretaria contesta que non, pois os dous días, ao non especificarse outra cousa, se entende que son hábiles.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que non está de acordo, considera que os presentaron dentro de prazo.

O Sr. presidente pide que se continúe coas preguntas dos demais grupos.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito.

Rexistradas de entrada ao n.º 10.836, xunto coas mocións, o día 24 de agosto de 2007.

1ª.- Comenzado o novo curso escolar: ¿cantas prazas se ofertaron e demandaron en cada un dos niveis educativos, sinalando os centros, dende o Primeiro Ciclo de Educación Infantil ata o Bacherelato?

Considérase contestada a metade, e don Jaime Manuel López Lisnier di que ten un informe elaborado para o efecto, que o pode ler, pero mellor se llo facilitará.

2ª.- Unha necesidade longamente demandada polos veciños/-as de Anceis, é a habilitación dunha zona de aparcamento nas inmediacións da igrexa e o cemiterio

¿Existe algún proxecto no concello para dotar de aparcamento as inmediacións da igrexa e cemiterio da parroquia de Anceis?

¿Está previsto que se faga algunha actuación urbanística nas inmediacións?

O Sr. alcalde contesta que alí terreo non hai, o que se fixo foi unha proposta dun convenio urbanístico de cara ao Plan xeral, pero agora non hai nada ao respecto. Hai un plan para construír e despois se marcará a zona onde quedará situado o equipamento, e que precisamente queda cerca da igrexa.

Conclúe dicindo que, a curto prazo, non está previsto. Fíxose unha xestión respecto dun terreo que estaba pegado ao cemiterio, pero era duns herdeiros e non houbo acordo.

3ª.- No pasado mes de xullo, ditouse pola Alcaldía un bando sobre o interese dos veciños/-as en manter as fincas, montes e soares, nas mellores condicións de limpeza e coa masa vexetal rozada, cobrando especial relevancia nos meses de verán, ante o risco de incendios.

¿ Cantas denuncias (tanto de veciños/-as como de persoal do concello) lévanse recibido en relación con posibles infraccións ao devandito bando ?

¿Cantos expedientes sancionadores lévanse incoados como consecuencia das anteriores e, no seu caso, que sancións chegaron a imponerse?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que segundo os técnicos de disciplina urbanística, se presentaron 123 expedientes de denuncia, e téñense tramitado sen expedientes sancionadores. Non hai resolución, de momento.

4ª.- As áreas metropolitanas constitúen asociacións voluntarias das entidades locais para a execución en común de obras e servizos determinados da súa competencia. Son, pois, unha ferramenta para coordinar o funcionamento dos concellos pertencentes a unha área xeográfica na que existen problemas comúns.

Recentemente enterámonos polos medios de comunicación, do Proxecto de Reforma Administrativa da Xunta de Galicia para crear dúas áreas metropolitanas en Galicia. O conselleiro de Presidencia, José L. Méndez Romeu, anunciaba a posibilidade da creación dunha gran área no eixe A Coruña-Ferrol, como ámbito xeográfico ideal da área metropolitana do norte de Galicia; tendo previsto presentar o anteprojecto no Parlamento de Galicia a finais do presente ano

Dada a importancia e transcendencia do tema, entende o noso grupo que o Concello de Cambre non debería quedar alleo a participación e debate en este proceso de creación do ente supramunicipal.

O noso grupo municipal, solicita da Alcaldía se nos facilite información sobre o tema.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que é trascendente este proceso que parece que se vai abrir proximamente. Mantéñense reunións co conselleiro da Presidencia e cos alcaldes da área. Parece que está concluído o anteprojecto de lei, e que se facilitará antes de iniciarse o correspondente trámite parlamentario.

5ª.- O proxecto de construción da Casa da Cultura de Cambre, leva varios anos de atraso na súa execución. Recentemente en manifestacións do Sr. alcalde os medios de comunicación, propoñía un novo asentamento, argumentando problemas que complicaban a execución do primeiro proxecto.

O grupo municipal de EU-IU, solicita do Sr. alcalde información sobre o tema.

Se convoque a comisión informativa correspondente, para tratar polo miúdo as alternativas mais axeitadas para levar a cabo a execución do proxecto.

A primeira parte enténdese contestada, en canto á segunda tan pronto como teñan o estudo, verano entre todos.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que lles preocupa que o proxecto que hai redactado ao mellor non se adapta á parcela, e cren que cos cartos dos veciños non se debería xogar, polo que non se debe descartar facer o proxecto do que se dispón, e se debería buscar outro sitio.

O Sr. alcalde responde que agardan que os reciba o director xeral de Urbanismo, e lles diga se se vai recualificar o terreo municipal, ou non, e cre que non dispoñen doutro terreo para facer a Casa da Cultura.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que debería falarse cos propietarios de terreos que se adaptaran a esta finalidade, pois cren que no contorno do centro de saúde hai terreos que poden servir.

O Sr. alcalde contesta que o que van facer é pedir á Xunta que se recualifique o terreo do Concello, porque é do Concello, e non se vai especular. Se se vai perder a subvención, haberá que aproveitala para facela no centro de Cambre.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que ten dúbidas de que o sitio máis apropiado sexa onde di o alcalde, e repite que meter a Casa da Cultura no centro do núcleo urbano, coa densidade de poboación que hai non é apropiado.

O Sr. alcalde conclúe dicindo que, cando haxa información, se reunirán.

6.- A Consellería de Cultura e Deporte, publicaba unha orde de 24 de maio de 2007 no que se establecen as bases reguladoras para *axudas destinadas a actividades de fomento para a conservación e restauración de bens do patrimonio etnográfico de Galicia, tendo como finalidade esencial protexer, conservar e difundir un legado que o tempo irá incrementando para transmitirlo as xeracións futuras.*

Entre os obxetivos que poden ser obxecto de financiamento sinálanse, entre outros, os horreos, cruceiros, muíños, lavadoiros, fornos, palomares ou pallozas...

¿Ten presentado o goberno municipal algunha solicitude dentro desta convocatoria para algún dos obxectivos mencionados ou recollidos na orde mencionada? No caso afirmativo ¿cal sería a actuación a desenvolver?

¿Tense publicado este tipo de axudas nos medios que dispón o concello, para unha maior información os veciños/-as?

-¿Ten o concello coñecemento de solicitude de subvención por parte dalgún veciño/-a? .

Dona Erundina Prado Arcay contesta que non ten unha resposta exacta. Facilitarállelo por escrito. Sabe que dende Cultura non se pediu, pero pode ser que se pedira dende outra concellería. Informará por escrito, ou no vindeiro pleno.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo solicita que conste en acta que non se contestaron as preguntas presentadas polo seu grupo, e cre que a interpretación dada pola secretaria é errónea.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e tres horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Asdo: Antonio Varela Saavedra

Asdo: M^a Luisa de la Red Ampudia